

## Quen pode acudir a Mediación?

Calquera cidad@n empadroad@ ou que se atope en Santiago de Compostela.

## A onde podo acudir?

Á Casa das Asociacións. Antiga estación de Cornes.  
Rúa Manuel Beiras, 3  
15706, Santiago de Compostela.

## Cal é o horario?

Os martes e os xoves de 17 a 21h., a partir do 6 de maio de 2010

## Cómo podo porme en contacto?

Teléfono: 658490411

Correo: [agami x@iusti ti aomni bus. org](mailto:agami x@iusti ti aomni bus. org)

## Máis información

Central i ta Casa das Asociacións: 981 542 350  
[participacionci dada@santi agodecompostel a. org](mailto:participacionci dada@santi agodecompostel a. org)  
[www. santi agodecompostel a. org](http://www. santi agodecompostel a. org)



# CENTRO MUNICIPAL DE MEDIACIÓN CIUDADÁ CEMMCI



CASA  
DAS  
ASOCIACIONES  
CONCELLARÍA  
DE PARTICIPACIÓN CIUDADÁ

COMPOSTELA, CI DADE MEDI ADORA

A Concellaría de Participación Cidadá a través da AGAMI X (Asociación galega de mediación e igualdade de xénero) pon en marcha o Centro Municipal de Mediación Cidadá

### QUE É O CEMMCI?

- un servizo gratuíto que ofrece á cidadanía de Santiago a posibilidade de ser parte activa na resolución dos seus conflitos coa mediación dirixida por profesionais.
- un espazo confidencial onde as persoas implicadas, a través do diálogo e coa axuda dunha terceira persoa imparcial e neutral que realiza a mediación, poden atopar un acordo válido e beneficioso para todas/os.
- unhas prestacións que axudarán a resolver a través da mediación, calquera conflito entre persoas que viven nun mesmo lugar: comunidades de veciños, alteracións da convivencia cidadá, acceso aos recursos municipais...
- unha aposta pola construción dunha cidade máis harmónica, nun mundo de convivencia pacífica.



### QUE É A MEDIACIÓN?

- É un proceso voluntario, flexible e absolutamente confidencial, no que intervén unha persoa que sen autoridade para imporlles unha solución, atende ás partes e axúdalles a resolver as súas diferenzas.
- Procura satisfacer as necesidades das partes en conflito, regulando o proceso de comunicación e conducíndoo por medio dun sistema de pasos nos que, si as partes colaboran, é posible chegar a unha solución na que todos gañen ou quedan satisfeitos.

### QUE VANTAXES TEN A MEDIACIÓN?

1. Proceso gratuíto
2. Confidencial
3. Voluntario

